

## **INFORME E ESTUDO ECONÓMICO FESTA DOS MAIORES 2016**

Como é tradicional, este ano celebraranse a Festa dos Maiores durante as Festas da Ascensión 2016, evento que terá lugar no recinto feiral de Amio o vindeiro día 7 de maio, para o que o Concello pon en marcha a tramitación da contratación do **Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maiores 2016"**.

Esta comida organizase coa Idea de ter unha xornada especial para os maiores de xeito que podan disfrutar de un día especial na que se sintan protagonistas e o mesmo tempo se fomente a participación e a interacción entre a xente dos distintos lugares e parroquias da cidade.

O obxecto do contrato é a celebración dunha comida **para un número máximo de 1.700 asistentes** consistente nun menú que inclúe empanadas de bonito e de bacallau, polvo á feira, carne ó caldeiro con patacas, tarta de Santiago e larpeira, pan, bebidas (viño tinto e branco, cervexa, refrescos, auga e gaseosa) e café. O servizo inclúe o suministro e montaxe de cadeiras e mesas para todo-os asistentes, mantéis e servilletas, menaxe, vasos e platos (ésteos últimos poden ser de plástico), o suministro de persoal para preparar a comida e servir as mesas e a instalación dunha cociña para preparar o calentar os platos in situ.

Nas derradeiras xornadas celebradas, nos anos 2013 e 2014, fixouse o prezo base de licitación para cada comida por persoa en 18,18 euros. No ano 2015 o prezo foi de 19 euros por persoa. Para este ano entendemos que debe manterse unha cifra que non exceda excesivamente das de anos anteriores, aunque se proceda a revisa-la para evitar que quede por debaixo de prezo do mercado, o que suporía un risco de que a contratación deste servizo quede deserta.

Neste senso, as variacións dos IPCs anuais neste período foron moi pequenas, e mesmo negativa para o ano 2014. Así, de acordo cos datos do Instituto Nacional de Estadística, a variación interanual do IPC do ano 2012 foi de 0,9 %; a variación interanual do IPC do ano 2013 baixou ata o 0,2 %, pero no ano 2014 a variación do IPC ten unha taxa interanual de -1,0 %. En conxunto para o trienio 2012-2014 a oscilación da taxa do IPC presenta un resultado próximo a 0.

Solicitado un orzamento a empresa de catering que levou a licitación no ano 2015 (Casa Taboada, S.C.) e tamén á empresa Congelados Veloso que a levou nos anos anteriores orzaméntase o seguinte servizo:

- Menú consistente en empanadas de bonito e bacallau, polvo á feira, carne ó caldeiro con patacas, pan, tarta de Santiago e tarta larpeira, viño tinto Mencía, viño brando Godello, gaseosa, cervexa, refrescos, auga, e café (coa posibilidade de botarlle augardente da Ulla).

- Servizo de cociña in situ con dous xefes de cociña, cociñeiros e axudantes necesarios.
- Servizo de camareiros con tres xefes de sala e camareiros.
- Servizo de vaixela de porcelana, cubertería e copas de cristal.
- Instalación de mesas e cadeiras para o número de comensais proxectado.  
Este servizo sería para un número máximo de **1.700 persoas**.

O orzamento aportado polas empresas consultadas foi de **19 euros** por comida e persoa, o cal non supón variación co do ano anterior e pode tomarse como criterio como prezo base por comida. O prezo base para toda a licitación sería de **32.300 €, cun IVE do 10 % (que se sigue a aplicar aos alimentos), o cal supón 3.230 € de IVE polo total, e 1,9 € de IVE por comida.**

A contratación a realizar cualifícase como **contrato de servizos** de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 19 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), quedando sometida a dita lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as dadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias. Dado que a coantía do contrato pode chegar á 38.000 €, trátase dun contrato de servizos que excede os 18.000 €, polo que a adxudicación realizarase polo órgano de contratación mediante procedemento negociado, en base ao establecido no artigo 178 da TRLCSP. Para iso, o órgano de contratación deberá cursar petición de ofertas polo menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, ademáis de colgar a licitación no perfil do contratante.

**A cifra fixada como prezo base debe ser mellorada á baixa polos licitadores, polo que o criterio para adxudicar o contrato é o económico.**

A partida con que se pagará este contrato é a **010 91201 22601, de Protocolo. Atencións protocolarias e representativas.**

Establécese prezo público de **7 €** como coste para os asistentes á celebración da "**Festa dos Maiores 2016**". A cantidade de **35.530 €** que se destina a este gasto con cargo á aplicación orzamentaria **010 91201 22601** cubre a totalidade do coste, ao hai que ter en conta a redución deste coste como consecuencia da baixa do adxudicatario posto que o criterio para a adxudicación do contrato será o económico, contratándose a oferta máis baixa. Dado que o gasto está totalmente cuberto coa citada reserva de crédito, o artigo 44 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (Real Decreto



## CONCELLO DE SANTIAGO

Legislativo 2/2004, de 5 de marzo) permite a reducir o prezo que se pide aos asistentes sempre que existan razóns sociais, benéficas o de interese público que así o aconsellen. Neste caso, hai que ter en conta que se trata dunha celebración con motivo das festas da Ascensión na que tradicionalmente se invita a unha comida aos pensionistas e xubilados da cidade. Tratándose dunha celebración con motivo das festas destinada a persoas que, nunha boa parte dos casos, ten recursos económicos limitados, atopámonos nunha redución do prezo ata un tercio do custe total por persoa por razóns de índole social, de xeito que o prezo esixido sexa similar ao establecido para o menú do día nas cartas de prezos de casas de comidas de categoría modesta.

Santiago de Compostela, a 30 de marzo de 2016

Asinado por orde do Director de Festas

M<sup>a</sup> Montserrat Cillero Montes